



**BASES DO CONCURSO: "I OPEN SHOW DANCE CIDADE DE RIVEIRA"**

- 1.- O obxecto do concurso non é outro que o de fomentar e difundir entre a poboación o baile en grupo. Por isto ten un carácter fundamentalmente social e sobre todo artístico.
- 2.- Poderán participar no concurso de baile todas aquelas persoas que o desexen e que teñan entre 12 e 35 anos, ámbalas dúas inclusive. Para un mellor desenvolvemento desta primeira edición do concurso, haberá un máximo de 10 grupos.
- 3.- O grupo de baile estará formado por un mínimo de dúas persoas e un máximo de 5 persoas. Os grupos terán que ser obrigatoriamente mixtos. Cada compoñente só poderá concursar nun grupo. Só poderán participar os empadroados en Riveira.
- 4.- A data límite de inscrición para o concurso será o 09 de setembro de 2011. No caso de que haxa participantes menores de idade (menores de 18 anos), a inscrición farase cos datos dos concursantes e do pai, nai ou titor legal.
- 5.- O prazo de inscrición abre o 29 de agosto de 2011 e poderán formalizarse as mesmas enviando un correo electrónico cumprimentando a ficha de inscrición cos datos persoais ao correo: [xuventude@riveira.com](mailto:xuventude@riveira.com) ou presencialmente na Oficina Municipal de Información Xuvenil (OMIX) sita no Auditorio Municipal de Riveira.
- 6.- A participación neste concurso é totalmente GRATUÍTA. As prazas cubriranse por orde de inscrición.
- 7.- Horarios: O concurso levarase a cabo o día 12 de setembro de 2011 ás 19 horas durante as festas da nosa Padroa Santa Uxía. Os participantes terán que estar unha hora antes do comezo do concurso.
- 8.- A organización non se fai responsable das perdas materiais ou efectos persoais dos concursantes así como dos accidentes que poidan ocorrer fortuitamente no transcurso da xornada.
- 9.- Os participantes deberán traer a música gravada en CD para a súa presentación. Non se aceptarán gravacións con defectos ou baixa calidade de reprodución. O CD deberá ser presentado na súa respectiva caixa, co nome do Grupo e duración do mesmo.



10.- Non hãberã ensaios, tan s3 marcaci3n do escenario.

11.- Cada grupo competidor deberã mostrar unha coreografía de duraci3n non superior a 3 minutos e medio. As coreografías deben estar compostas por alg3n dos seguintes bailes, aĩnda que tam3n pode haber mestura de estilos:

Bailes modernos: hip hop, street dance, funky.

12.- O xurado estarã formado por diversos colectivos do mundo da danza, da m3sica, de asociaci3ns xuvenĩs e un membro da corporaci3n local.

13.- A organizaci3n non se responsabiliza dos resultados da competici3n. Serã o xurado e solo este o 3nico 3rgano que elaborarã e puntuarã a competici3n, sendo pois o 3nico responsable das puntuaci3ns obtidas por cada grupo de baile. As cualificaci3ns do xurado son inapelables e definitivas.

14.- Os criterios nos que se basean as puntuaci3ns son os seguintes:

**Ritmo musical:** Valorarase especialmente que cada grupo baile dentro de m3sica, isto 3, respectando os tempos musicais. (10 puntos)

**T3cnica de baile:** Valorarase postura, posici3n e equilibrio. Asĩ mesmo, dependendo do baile en cuesti3n, valoraranse aspectos bãsicos da t3cnica do mesmo. (10 puntos).

**Conexi3n e compenetraci3n co grupo:** Valorarase a harmonĩa no baile, compenetraci3n e conexi3n co grupo. (10 puntos).

**Coreografía:** Valoraranse todos aqueles elementos que formen parte da coreografía que sexan novedosos ou que o conxunto da mesma resulte orixinal, dinãmica, e garde a esencia dos bailes que se estean representando. Valorarase tam3n a expresi3n e interpretaci3n artĩstica. (10 puntos).

**Vestuario:** Non se valorarã a calidade das prendas, sen3n que estea acorde cos temas musicais que se estean bailando asĩ como co argumento da coreografía. (10 puntos).

15.- Estãn prohibidos todas aquelas actitudes de faltas de respecto cara a outros participantes, ao xurado, ao p3blico ou á organizaci3n.



16.- A organización resérvase o dereito de descualificar a todos aqueles concursantes que incumpran as bases do concurso ou que pola súa actitude prexudiquen o normal desenvolvemento do mesmo.

17.- Os premios do concurso serán os seguintes:

- Bono mensual para uso e disfrute das instalacións do Complexo Deportivo A Fieiteira.
- Vale desconto na tenda de deportes "Podium Sport".
- Tres clases maxistras de danza clásica coa profesora Cristina Riveiro.
- Unha clase maxistral de Urban Dance.

18.- Todos os concursantes recibirán diploma acreditativo de participación no concurso.

**Mencionar que o concurso de baile non é un concurso de baile deportivo, polo que non se rexerá exclusivamente polas normas deste. O concurso ten unha esencia meramente artística e de show polo que será isto o que se valore. Están permitidos pois todos aqueles elementos que enriquezan a coreografía no plano artístico, xa sexa mediante a expresión corporal, interpretación, evolucións de baile ou figuras, así como todos os aspectos mencionados anteriormente.**